



Datos do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratación e Obras Públicas - LMTG	
Número expediente:	Documento:
CON/21/2018	CON12I17T
1M67644N5K561I4Z0G80	

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Ao abeiro do establecido no informe emitido polo Xefe da Sección de Obras Públicas e Contratación, redáctase a seguinte Memoria:

De conformidade co disposto no artigo 28 (necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación) e 116 (expediente de contratación: iniciación e contido) da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directiva do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, elabórase a correspondente memoria xustificativa da necesidade do contrato das obras de: "**Ampliación da rede de saneamento Parroquia de Sedes-Villallonte**".

Obxecto e necesidade

1. **Obxecto.**- Dotar de rede de saneamento ás vivendas sitas no lugar de Villallonte, na Parroquia de Sedes, servizo do que carecen na actualidade.
2. **Necesidade.**- A dotación a toda vivenda do servizo de saneamento e unha vella aspiración tanto da Unión Europea como do Estado Español. Este concello dende hai varios anos está executando obras de reposición e ampliación do servizo de saneamento tratando de chegar a todas e cada unha das vivendas do municipio. Coa actuación descrita no parágrafo anterior, preténdese dotar con este servizo a cincuenta e cinco vivendas que, nestes momentos verquen en fosas sépticas e pozos negros co posible perigo de infiltracións das mesmas.

CPV: 45232410-9 Obras de saneamento

Duración

O prazo de execución destas obras é de cinco meses.

Valor estimado, orzamento de licitación e aplicación orzamentaria.

Valor estimado: 399.263,56 €

Orzamento base de licitación:

Orzamento: 399.263,56 €

IVE: 83.845,35 €

Orzamento de execución por contrata: 483.108,91 €

Financiamento

Orzamento municipal:

Aplicación orzamentaria: 0018/1600/60900.



Cualificación do contrato e xustificación do Procedemento

Estamos perante un contrato administrativo de obras de conformidade co disposto no artigo 13 da LCSP.

O procedemento para contratación destas obras mediante procedemento aberto que podería ser simplificado, se os informes posteriores así o confirmasen, dado que o seu valor estimado non supera o límite dos 2.000.000,00 de euros, como establece o artigo 159.1.a).

División en lotes

Dividir o obxecto do contrato en lotes afectaría gravemente á coordinación da execución das obras, dada a dependencia dunha das outras, sería tecnicamente imposible a execución desta obra por varias empresas que terían que traballar no mesmo sitio e ao mesmo tempo.

Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

En relación co establecido na cláusula adicional terceira apartado 3 da LCSP, esta obra obxecto deste informe, foi incluída no expediente de modificación de crédito 3/2018 aprobado definitivamente o día 3 de setembro do ano que estamos a correr, enténdese pois que non se produce modificación algunha nos informe de avaliación de cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e financeira nin da regra de gasto que figuran no expediente de aprobación do referido documento.

Polo exposto, esta alcaldía vén **RESOLVER**:

PRIMEIRO.- Que se inicie o procedemento de adxudicación do contrato de obra "Ampliación da rede de Saneamento Parroquia de Sedes-Villallonte".

SEGUNDO.- Que Secretaría emita un informe sobre a lexislación aplicable e sobre o procedemento que hai que seguir e que Intervención emita un informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación aos recursos ordinarios do orzamento vixente, para os efectos de determinar o órgano competente para contratar.

*Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)*